

Olalla Rodil  
Imaxe: SG

## Reutilizar e reciclar, tamén no armario

Segundo os inquéritos, cada persoa tira ao lixo --no Estado español-- entre 7 e 8 kilos de roupa ao ano. Até aí o ciclo de vida das prendas de roupa que, en non poucos casos, se amorean nos armarios das moradas do país. As mudanzas nos hábitos de consumo, mesmo fixo cada vez menos habitual o tradicional herdo que agasalaba as crianzas máis novas da familia coas vestimentas das fillas e fillos máis maiores.

Esta realidade, que incrementa de maneira proporcional a acumulación de roupa como residuo ao éxito económico e empresarial de Inditex, está a xerar novas iniciativas e proxectos que visan ampliar o ciclo de vida do téxtil para alén da tendencia ou a moda do momento. Así, tendas de segunda man e empresas de reciclado de roupa xa non son unha novidade e traen a Galiza un hábito de consumo habitual en países como Holanda.

### SEGUNDA MAN

Este é o caso de Carmiña maniquí, a tenda que Alicia Francés abriu en Vigo hai un ano e medio. Un recuncho, explican na súa páxina de Facebook, "máxico e marabilloso" no que atopar "principalmente roupa de segunda man de muller, home e crianzas" mais tamén "artigos de decoración: cadros, móbéis, lámpadas, menaxe...".

O fío condutor que liga todos os produtos, explica a súa dona Alicia, "é o *vintage* e o estilo retro". Porén, tamén contan cunha ampla selección de "produtos outlet", isto é derradeiras unidades de fábrica --por exemplo en xoiería, produtos seminovos e mesmo unha colección de roupa propia baseada no principio de reciclaxe e as mans da costureira Patri González..

Esta liña de roupa, orixinal, parte de ideas propias que visan dar un outro uso a roupa vella. "Reciclamos roupa pasada *customizándoa* toda", explica Alicia Francés. Por exemplo, "damos outra saída ás garavatas" converténdoa en saias ou vestidos. "Reciclamos a roupa e os materiais e creamos unha colección actual, anovada, con teas de tapicería, sedas, bordados..."

mais sempre, acrecenta, "cunha calidade impecábel" a prezos baixos.

"Se hai algo descosido, arranxámolo", sinala Alicia, "temos que garantir un mínimo de calidade". En boa medida, isto leva a Carmiña maniquí a non recoller roupa de particulares. "Buscamos en Internet, noutras tendas, en ONGD's". Neste senso, mercar a organizacións e asociacións reverte os beneficios "en fins sociais", apunta.

### ECONOMÍA SOCIAL

Este é o cerne doutro proxecto de reutilización e reciclaxe de roupa: Insertega. Desde o pasado mes de decembro esta empresa de Culleredo comezou a recoller "roupa en forma de residuo". Roupa en desuso ou mesmo aquela que xa non se pode usar, "clasificámola e logo colocábase ou distribuírase en tendas propias", explica Manuel Álvarez, un dos seus socios fundadores.

O obxectivo de Insertega é "que a roupa sexa utilizada", sinala Manuel e que, en troca de rematar no lixo "como un residuo" sexa "rendibilizada". Neste senso, a idea de botaren a andar este proxecto reside "nunha necesidade", din. "Criamos que a reciclaxe de roupa non tira todo o proveito social que pode dar", afirma un dos seus impulsores.

E é que, amais de non existir en Galiza ningunha empresa que ofrecece este servizo de recollida,

Aplicar os 3R (reducir, reciclar e reutilizar) xa non é cousa só da xestión de residuos orgánicos ou materiais como o vidro e o cartón. Iniciativas arredor da reutilización e reciclaxe de roupa están a agromar no país na procura de ampliar o ciclo de vida dun dos produtos de maior consumo.



Tendas de segunda man e reciclado de roupa convértense nunha alternativa para o téxtil en desuso

Insertega rendibiliza o beneficio económico da venda de roupa de segunda man "en labores sociais", principalmente a través da contratación de persoas en risco de exclusión social. "Queriamos xerar traballo aquí", subliña Manuel Álvarez ao tempo que "facer algo útil pola nosa comunidade", acrecenta

Embora levaren poucos meses, Insertega recolle xa prendas en Culleredo e asinou convenios con diversos concellos en que "disponibilizar colectores". Até o momento, sinala, "está a ter boa acollida" e xa teñen achegado roupa a diversos "armarios sociais" que axudan ás familias con menos recursos e máis prexudicadas pola crise.

Ambos os dous proxectos, malia as diferenzas, destacan que o seu obxectivo é pór á venda os seus produtos "o máis económicos posíbel", sinala Alicia, pois, din, a reutilización e reciclaxe do téxtil "ten moitas posibilidades", se ben, recoñecen, "a tendencia á compra de segunda man esténdese", mais aínda "estamos moi retrasados".

# XARDINS BARCIA

Móbil: 609 65 21 61  
Tlf./Fax: 981 89 17 30

[www.cbarcia.com](http://www.cbarcia.com)

BERTAMIRANS

[info@cbarcia.com](mailto:info@cbarcia.com)

- Deseño
- Contrución de xardíns e regos
- Mantemento de xardíns e piscinas
- Podas
- Orzamento sen compromiso

